

Resolución do 28 de maio de 2005 pola que se abre un prazo para que o profesorado dos corpos de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, que non teñan horario no centro, soliciten praza provisional para o curso académico 2005-2006.

A disposición adicional décimo primeira do Real decreto 2112/1998, do 2 de outubro, polo que se regulan os concursos de traslados de ámbito nacional para a provisión de prazas correspondentes aos corpos docentes, establece os criterios que se aplicarán para determinar entre varios profesores quen é o afectado por unha circunstancia que implica a perda provisional ou definitiva do destino que viñan desempeñando.

Pola súa parte, a Orde do 1 de outubro de 1998, pola que se regula o proceso da adscrición dos funcionarios do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional, establece no punto vixésimo, punto 3 que impartirá docencia no seu propio centro ou noutro da localidade, polo que a impartición de docencia nunha localidade distinta deberá ter a conformidade do interesado.

Procede, pois, efectuar a convocatoria para realizar a adscrición provisional para o próximo curso académico daqueles profesores que, tendo destino definitivo, deban ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino.

Na súa virtude, esta Dirección Xeral de Persoal

DISPÓN:

Primeiro.

1. Estarán obrigados a participar neste concurso, na súa especialidade, e a prazas da súa localidade, os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo destino definitivo, deban ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2005-2006.

2. Aos que, estando obrigados, non participen neste concurso, a Dirección Xeral de Persoal, por proposta da delegación provincial correspondente, adxudicarálles de oficio destino provisional para o curso académico 2005-2006 nun centro da localidade na que está destinado definitivamente.

3. Quedarán exentos de participar obrigatoriamente polo punto 1 os profesores que participen polo punto seguinte.

Segundo.

1. Poderán participar voluntariamente neste concurso, na súa especialidade, e a prazas da localidade ou localidades que elixan, os funcionarios de carreira do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional que, tendo

destino definitivo, poidan ser desprazados por falta de horario no seu centro de destino, no curso académico 2005-2006.

2. Este profesorado poderá indicar se está disposto a completar horario con materias afíns.

Terceiro.-A inspección educativa poderalles comunicar aos institutos de educación secundaria e aos centros públicos integrados o número de profesores e de que especialidade non van ter horario no próximo curso académico.

Cuarto.

1. Considérase que un profesor non ten horario no seu centro cando non dispoña de ningunha hora da súa especialidade, despois de cumprirse todos os criterios para determinar os cadros de persoal dos institutos de ensino secundario e centros públicos integrados establecidos no acordo entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais ANPE, CC.OO. e CSI-CSIF, asinado o 21 de xullo de 1998.

Os criterios son os que a continuación se relacionan:

a) A definición dunha praza vén dada pola asignación de 18 horas lectivas semanais:

-A primeira praza de cada área ou materia determinarase a partir de doce horas semanais, agás nos centros que contén con especialistas, que sairá con 8 horas lectivas.

-A segunda e sucesivas prazas quedarán establecidas para cada especialidade a partir de 8 horas sempre que se completasen as 18 horas da praza ou prazas anteriores.

b) Para determinar o horario lectivo de cada especialidade teranse en conta:

-As horas correspondentes a cada área ou materia nos plans de estudos, que inclúen a hora lectiva da titoría recollida no anexo I da Orde do 19 de xullo de 1996, e a redacción prevista para os títulos dos ciclos formativos de formación profesional na Orde do 1 de agosto de 1997.

-As horas das materias optativas, sen superar o número máximo establecido.

-Todas as materias propias da modalidade e optativas do bacharelato, cos agrupamentos que sexan posibles e tendo en conta o número de alumnos matriculados.

c) A atención á diversidade:

-Para a atención á diversidade (adaptación curricular e medidas de reforzo educativo) estableceranse 4 horas por grupo da ESO, e que serán distribuídas pola comisión de coordinación pedagóxica entre as diferentes áreas.

-Nos IES e CPI de dúas ou máis liñas de ESO poderá haber un grupo de diversificación curricular.

-Redución horaria para os titores de ámbito: 2 horas.

d) Desdobramentos:

-Por cada grupo establecerase unha hora á semana para a conversa das linguas estranxeiras.

-Por cada grupo na área de ciencias da natureza e as materias de física, química, bioloxía e xeoloxía establecerase unha hora á semana para prácticas de laboratorio.

-Por cada grupo de tecnoloxía establecerase unha hora á semana para prácticas.

-Por cada grupo na área de educación física establecerase unha hora á semana para realizar actividades deportivas.

e) Actividades de estudo alternativas á relixión:

-As horas correspondentes ás actividades de estudo alternativas á relixión teranse en conta para elaborar os cadros de persoal dos institutos e centros públicos integrados, priorizando indistintamente as horas nas especialidades de filosofía, latín, grego, xeografía e historia, lingua castelá e lingua galega.

f) Deducións horarias:

Aplicaranse as establecidas na Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos IES e se establece a súa organización e funcionamento, e a Orde do 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados, sempre que sexa posible atribuílas a unha especialidade.

g) Se é o caso teranse en conta:

-As horas que resulten do establecemento da educación de adultos. Dentro do ensino de adultos inclúense os estudos nocturnos.

-As horas que resulten do establecemento dos programas de garantía social.

2. Para acreditar a falta de horario no centro de destino definitivo, a Dirección Xeral de Persoal solicitaralle o correspondente informe á Inspección educativa.

Quinto.-En virtude do establecido no acordo do 21 de xullo de 1998, a Inspección educativa velará porque os centros cumpran, segundo o profesorado do que dispoñan, os criterios relacionados no punto anterior.

Para estes efectos, a Inspección educativa velará porque as horas computadas para desdobramentos e atención á diversidade en cada centro se destinen realmente para tal fin.

Sexto.-Con carácter previo ao procedemento de elección de horarios previsto no punto 88 e seguintes da Orde do 1 de agosto de 1997 (DOG do 2 de setembro), e 109 e seguintes da Orde do 3 de outubro de 2000 (DOG do 2 de novembro), a xefatura de estudos determinará o número de profesores per-tinentes a cada departamento que poderá elixir horario.

Este número virá determinado polo cociente que resulte de dividir o número total de horas asignado ao departamento entre 18, sendo de aplicación para os restos o establecido no punto terceiro desta resolución, e todo iso sen prexuízo de aplicación do establecido na Orde do 1 de setembro de 1987, pola que se adecúa a xornada de traballo dos funcionarios docentes.

Sétimo.-Os profesores que, como consecuencia da falta de horario, pasen a prestar servizos noutro centro ou no mesmo centro impartindo áreas ou materias atribuídas a especialidade distinta da que están destinados definitivamente, poderán participar voluntariamente no concurso xeral de traslados que se convoque no curso académico 2005-2006, cos mesmos dereitos que os profesores suprimidos.

Oitavo.-O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de acordo co modelo que se xunta como anexo.

Noveno.-Os profesores que sexan titulares de máis dunha especialidade poderán pedir praza indistintamente por todas elas.

Décimo.-Os profesores das especialidades de administración de empresas, de organización e xestión comercial, procesos comerciais e procesos de xestión administrativa poderán solicitar, ademais, prazas da especialidade de economía ou de formación e orientación laboral.

Décimo primeiro.-A adxudicación de prazas será realizada pola Dirección Xeral de Persoal, conforme os seguintes criterios de prioridade:

1. Prestar servizos na mesma localidade.

2. Prestar servizos na mesma provincia.

3. Data de toma de posesión. Se a data da toma de posesión é a mesma daráselle prioridade ao número de rexistro de persoal máis baixo ou ao mellor número de oposición, segundo os casos. Se concorren á mesma praza funcionarios procedentes de distintos corpos, anteriores á entrada en vigor da LOXSE, efectuarase un sorteo para determinar a preferencia.

Décimo segundo.-Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2005.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

ANEXO
SOLICITUDE DE DESPRAZAMENTO

APELIDOS E NOME

DNI

DESTINO DEFINITIVO (IES ou CPI)

LOCALIDADE

PROVINCIA

De conformidade co establecido na Resolución do 28 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, solicito ser desprazado/a á/ás localidades que se relaciona/n priorizando por centros ¹.

Localidade/s: ²

Centros:

Especialidades:

- | | | |
|---------|-------|-------|
| 1. | | |
| 2. | | |
| 3. | | |
| 4. | | |
| 5. | | |
| 6. | | |
| 7. | | |
| 8. | | |

Completaría horario con materias afíns :

- SI
 NON

Os códigos das disciplinas coas que completaría son:

Estaría disposto/a a facer substitucións na localidade:

- SI
 NON

As localidades para posibles substitucións serían:

- 1)
- 2)
- 3)
- 4)
- 5)
- 6)

....., de de 2005

Asdo.:

DIRECTOR XERAL DE PERSOAL – CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA – San Caetano, s/n – 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA

¹ Poderanse priorizar ou non, segundo se desexe, os centros dunha localidade.

² No caso de seren solicitadas máis localidades ou de priorizar centros e necesitar máis espazo poden facelo en folla á parte, indicando, se é o caso, a orde de prioridade.